



Nota de prensa

Aposta pola innovación aberta e pola emprendizaxe corporativa

A STARTUP LET'S COOK FOI SELECCIONADA PARA A PRIMEIRA EDICIÓN DE EROSKI VENTURE PROGRAM

- **A empresa elixida ofrece plans de subscrición que lle facilitan ao usuario unha gran variedade de receitas e de ingredientes para as poder levar a cabo**
- **Eroski Venture Program afronta novas formas de colaboración co tecido emprendedor**
- **O programa afronta novas formas de colaboración co tecido emprendedor e ofrece a posibilidade de realizar a validación das solucións xunto ao equipo de EROSKI**

Elorrio, 27 de setembro do 2023.- [EROSKI](#) seleccionou a startup [Let's Cook](#) na primeira edición do programa *Venture Program* para desenvolver un plan de traballo entre ambas as dúas entidades no que se contempla a definición das oportunidades conxuntas, a conceptualización de novas propostas de valor e a súa validación. A empresa elixida conta cunha interface que ofrece plans de subscrición a diferentes menús gastronómicos que lle facilitan ao usuario unha gran variedade de receitas e de ingredientes para os poder levar a cabo. Os obxectivos de *Let's Cook*, en liña cos valores de EROSKI, céntranse en economizar o tempo do usuario, ofrecerlle a opción de comer saudable e variado e combater o desperdicio alimentario.

Un dos obxectivos de EROSKI con este programa é posicionarse como referente no mundo do emprendemento. *"Durante o período da convocatoria recibimos ducias de aplicacións relacionadas coas temáticas de optimización dos procesos no punto de venda e con ofrecer unha experiencia de compra áxil, sen fricción e personalizada para facilitar hábitos de consumo saudables e sostibles, todo desde*

EROSKI
Comunicación Corporativa

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI - OFICINA DE PRENSA
CONSEJEROS DEL NORTE
JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)



un enfoque de xeración de novo negocio. A proposta de Let's Cook que seleccionamos axunta varios destes elementos e permítenos explorar como democratizar propostas de valor que non chegaran aínda a unha boa parte da poboación", explica o director de Innovación e Desenvolvemento Dixital de EROSKI, David Sánchez.

"Estamos moi agradecidos de ser a opción seleccionada por parte de EROSKI. Nos vindeiros meses traballaremos a carón de EROSKI para construímos unha proposta aínda máis atractiva para os nosos usuarios e para todos aqueles que valoran ter acceso a unha alimentación saudable, variada e conveniente", comenta o seu cofundador, Gustav Johansson.

Creación de novos modelos de negocio

[Eroski Venture Program](#) aposta pola innovación aberta como motor para ofrecer as mellores solucións aos retos do sector e para descubrir novas oportunidades en forma de novos negocios. O obxectivo do programa é complementar a estratexia de *corporate venturing* de EROSKI mediante colaboracións con solucións provenientes da emprendizaxe innovadora en modelos de relación que van alén de relacións cliente-proveedor. Trátase dun programa dirixido a *startups*, emprendedores e proxectos que busquen ter un impacto positivo na cadea de valor do sector e que se sustenten en novas tecnoloxías rapidamente escalables que se poidan complementar coas capacidades, procesos e outros activos físicos ou dixitais de EROSKI. "Representa un punto de entrada e de crecemento para que os emprendedores lancen, aceleren e escalen as súas solucións xunto a un dos grupos de distribución polo miúdo de bens e servizos de gran consumo de carácter cooperativo máis grande de Europa e referente do sector", sinala David Sánchez.

Pola súa metodoloxía e enfoque a resultados, o programa ten o potencial de impulsar de xeito significativo as solucións que se xeren. Igualmente, axuda o emprendedor a aumentar a súa rede de contactos a través da rede e mapa de

EROSKI

Comunicación Corporativa

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI - OFICINA DE PRENSA

CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL

EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)



relacións de EROSKI e acompañarao no proceso mediante unha monitorización continua e un *roadmap* personalizado aos seus obxectivos.

EROSKI

Comunicación Corporativa

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

**EROSKI - OFICINA DE PRENSA
CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)